

CIRCULAR 6-2015

- A todas as Delegacións (*)
 - A todos os assembleistas
 - A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada
- (*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO DE GALICIA DE MARATÓN

A Coruña, 19 de abril 2015

Art.1) A Delegación da F.G.A na Coruña organizará o Campionato de Galicia Junior (1996 e 1997), Promesa (1993, 1994, 1995), Absoluto (1992 e anteriores) e Veterán (dende que cumplan 35 anos) de Maratón que terá lugar na Coruña o vindeiro domingo **día 19 de Abril** do 2015.

Art.2) Poderán participar todos atletas das citadas categorías que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo durante a tempada actual (2014/15) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aunque pertenzan a Clubes de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

Art.3) O percorrido está ubicado no casco urbán da cidade da Coruña (pendente de confirmación).

Art.4) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do 12 de abril do 2015.**

Art.5). Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas de cada categoría sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

Art.6). Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma poderá ser motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal. A organización non facilitará imperdibles.

Art.7) A organización establecerá distintos controis polo circuito para o paso dos participantes.

Art.8) A carreira estará controlada polo Comité Galego de Xuices. Tódalas reclamacións deberán facerse directamente ó xuíz árbitro da proba como máximo ata 30 minutos despois da publicación dos resultados.

Art. 9) Por cuestións organizativas fíxase un tempo máximo para percorrer a distancia de 5 horas e 30 minutos dende o comenzo da proba.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



Art. 10) Os atletas participantes no Campionato Galego, deberán pasar por cámara de chamadas até 15 minutos antes da saída da proba. Unha vez rematado este prazo, non se admitirá a participación do atleta

Art.11) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicarásese as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fgatletismo.com) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, podendo ser esta denegada.

Art.12) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo coas normas da F.G.A., da R.F.E.A. e da I.A.A.F. por este orden

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)
A Coruña, a 19 de Xaneiro de 2015